

ACCIÓN POLA EDUCACIÓN

Unidade didáctica

Terceiro ciclo de PRIMARIA

Idade recomendada

Entre 10 e 12 anos.

Objxectivos xerais

Obxectivo 1:
Identificar como a falta de acceso á tecnoloxía afecta o dereito á educación e a continuidade da aprendizaxe de millóns de persoas durante as emerxencias (crises, desastres naturais, conflitos, etc.).

Obxectivo 2:
Comprender como a educación dixital debe ser inclusiva, segura e de calidaded, e que debe garantir a protección e o benestar do alumnado a través de contornas virtuais pedagoxicamente sólidas en tempos de crise.

Obxectivo 3:
Desenvolver o pensamento crítico para facer un bo uso da información dixital , e utilizar este coñecemento para tomar decisións informadas, evitar a desinformación e fomentar o cambio social.

Obxectivo 4:
Coñecer os retos e obxectivos que temos como sociedade para que a educación dixital sexa equitativa, accesible e de calidade, en calquera circunstancia, cumprindo co ODS 4.

Obxectivo 5:
Construír comunidades educativas dixitais respectuosas e colaborativas (cidadanía dixital) que poidan exercer unha función de acollida e apoio cando ocorran emerxencias.

Obxectivo 6:
Asumir a responsabilidade cidadá ante as desigualdades. Utilizar as ferramentas dixitais de forma construtiva para levar a cabo accións, denunciar as inxustizas e transformar a realidade social a través da educación.

Competencias clave que se traballan

Recollidas no Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da **Educación Primaria:**

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- Competencia cidadá.
- Competencia emprendedora.
- Competencia en conciencia e expresión cultural.

Sesión

MINIASAMBLEA DAS ESCOLAS DO MUNDO ON

DURACIÓN

Neste caso damos dúas opcións e será o profesorado e as persoas educadoras as que adapten a duración das sesións do seu centro educativo ou do seu espazo de traballo.

A. **Unha sesión de 40-50 minutos**. Facilitaremos o póster para que unicamente teñan que completalo e así poder realizar a miniasemblea e a reflexión.

B. **Dúas sesións de 40-50 minutos.** Na primeira sesión realizarase o póster completo. Na segunda sesión levarase a cabo a miniasemblea e a reflexión.

MATERIAIS

A. **Unha sesión:** Os pósteres preparados, bolígrafos, pinturas.
B. **Dúas sesións:** Cartolinas, rotuladores de cores, revistas, acceso a Internet.

METODOLOXÍA

A actividade desenvolverase seguindo un enfoque de **aprendizaxe baseada en proxectos,** no que o alumnado se converte en protagonista da súa propia aprendizaxe. Este enfoque permite que o grupo se implique de maneira activa, buscando información sobre como se vive o dereito á educación en contextos de emerxencia en distintos países e sintetizando os seus achados nun póster visual.

A metodoloxía baseada en proxectos é importante porque fomenta o traballo cooperativo, a toma de decisións conxunta, a creatividade e a capacidade de síntese, competencias esenciais para o desenvolvemento integral.

Ademais, centrarse na busca de información e na creación do póster permite que o alumnado desenvolva habilidades dixitais e de investigación, aprenda a seleccionar información relevante e a representala de forma clara e atractiva para amosarlla ao resto.

Ao traballar con distintos países, poderanse comparar experiencias locais e globais, reflexionando sobre **como a educación se adapta ante emerxencias distintas** e que solucións tecnolóxicas ou comunitarias se aplican, para poder continuar coa aprendizaxe.

A miniasemblea final, aínda que breve, convértese nun espazo para compartir o aprendido e reforzar a importancia da educación como dereito universal.

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Desde a Campaña Mundial pola Educación apostamos pola importancia do momento da reflexión para axudar a xerar pensamiento crítico e accións transformadoras en cada participante.

A sesión centrarase en que o grupo, organizado en equipos, investigue e elabore un póster informativo sobre un dos países seleccionados, para logo compartilo co resto da clase.
Para traballar este tema, realizaremos unha a miniasamblea que imite unha reunión das grandes redes rexionais que forman parte da Campaña Mundial pola Educación:

África → **ANCEFA** (Africa Network Campaign for Education for All)

Europa e América do Norte → **ENACE** (European and North American Campaign for Education)

América Latina e o Caribe → **CLADE** (Campaña Latinoamericana por el Derecho a la Educación)

Asia-Pacífico → **ASPBAE** (Asia South Pacific Association for Basic and Adult Education)

Oriente Medio → **ACEA** (Arab Campaign for Education for All)

Cada grupo terá o seu cartel co nome da rede á que representará e explicará unha das seguintes situacións de emerxencia educativa nun país da súa rexión.

REDE DE EDUCACIÓN	PAÍS	CRISE EDUCATIVA	LIGAZON DA NOTICIA
ANCEFA (África)	Uganda	Peche escolar máis longo do mundo por COVID-19 (case 2 anos), que afectou a millóns de estudantes.	Uganda: recuperar o camiño á escola tras unha das maiores interrupcións educativas do mundo
ENACE (Europa e América do Norte)	Ucraína	Interrupción da educación pola guerra e desprazamento masivo.	Ucraína: A UNESCO mobiliza apoios para darlle continuidade á aprendizaxe
CLADE (América Latina e o Caribe)	México (Guerreiro)	Furacán Otis (2023): Desastre natural e destrución de infraestrutura.	Furacán Otis: o seu impacto en nenas, nenos e adolescentes en Guerrero
ASPBAE (Asia-Pacífico)	Afganistán	Prohibición da educación secundaria e superior para nenas e mulleres, o cal forza a aprendizaxe secreta.	En Afganistán hai 2,2 millóns de nenas sen educación secundaria
ACEA (Oriente Medio)	Palestina (Franxa de Gaza)	Destrución masiva de escolas e uso das restantes como refuxios, sumada á falta crónica de electricidade e de auga.	Gaza sen escolas, a infancia sen futuro. Máis do 90 % dos edificios escolares están danados ou destruído

Situacións de emerxencia educativa











O obxectivo é que comprendan que, aínda que as emerxencias sexan diferentes, en todo o mundo necesítase traballar de forma conxunta, para que ningunha nena, neno ou adolescente quede sen aprender e o seu **dereito á educación** sexa vulnerado.

Esta actividade axuda a empatizar posto que se comparan realidades e se pensa en posibles solucións para que a educación siga adiante en calquera circunstancia. Este ano propomos a educación dixital como oportunidade ante situacións de emerxencia e, desta maneira, poder continuar coa aprendizaxe durante o peche de escolas e centros educativos.

A: Unha sesión de 40-50 minutos

Esta sesión está pensada para facela de maneira máis curta no caso de que non se dispoña do tempo suficiente.

Facilitaráselle a cada grupo:

- Unha **ficha** coa información necesaria para entender a emerxencia. Na ficha explicarase a emerxencia e o posible reto dixital para que poidan formular as solucións (anexo 1).

- Un **póster** (anexo 2) coa rexión que representa, o país e a emerxencia. E será o alumnado o que teña que completalo con como se continúa aprendendo nesa situación a través da educación dixital e unha posible solución ou idea para mellorar a educación, axudándose da ficha que se lle proporcionase ao grupo.

Unha vez finalizado o póster, realizarase a miniasemblea, que terá un carácter breve e simbólico. O obxectivo é non dedicarlle moito tempo á creación do póster e así poder centrarse máis na asemblea e na reflexión.

Quen dinamice marcará os tempos en función da clase. A idea é presentar o póster de maneira sinxela. Se se elixe a opción b, habería máis tempo. Cada grupo disporá duns minutos para explicar o seu país, a emerxencia e a solución sobre educación dixital proposta, amosándolle o póster ao resto da clase. Esta fase permítelles compartir os seus achados, escoitar outras ideas e establecer aprendizaxes entre diferentes contextos educativos.

A miniasemblea funciona como un peche motivador que reforza as aprendizaxes e xera unha mensaxe transformadora e colectiva sobre a importancia de garantir a educación dixital en situacións de emerxencia

B: Dúas sesións de 40-50 minutos

Esta opción está pensada para que o grupo poida acceder directamente á información co acompañamento do profesorado.

Sesión 1: Cada grupo deberá recompilar información adaptada e accesible sobre a emerxencia que lle afecta ao país, como continúa a aprendizaxe nesa situación e unha posible solución ou idea para mellorar a educación e que achega a educación dixital nestes contextos.

O grupo realizará un póster, ben de maneira manual ou usando ferramentas dixitais. Entregaráselles tamén a ficha informativa (anexo 1) coa información necesaria.

Sesión 2: Unha vez finalizado o póster, realizarase a miniasemblea, que terá un carácter breve e simbólico. Cada grupo disporá duns minutos para explicar o seu país, a emerxencia e a solución sobre educación dixital proposta, amosándolle o póster ao resto da clase. Esta fase permítelles compartir os seus achados, escoitar outras ideas e establecer aprendizaxes entre diferentes contextos educativos. A miniasemblea funciona como un peche motivador que reforza as aprendizaxes e xera unha mensaxe transformadora e colectiva sobre a importancia de garantir a educación dixital en situacións de emerxencia.



REFLEXIÓN

Ao concluír a elaboración dos pósteres e a celebración da miniasemblea, proponse un momento de diálogo colectivo para que poidan expresar o que aprenderon e o que sentiron durante a actividade. A reflexión pode comezar lembrando o esforzo realizado na busca de información, a selección de datos e a creación dos pósteres, valorando como **o traballo en equipo permitiu transformar moita información en mensaxes claras e comprensibles.**

A partir de ahí se invita al grupo a pensar en las diferencias y semejanzas entre los distintos países presentados. Aquí la mirada global transformadora es fundamental. Se pueden plantear preguntas abiertas como:



Proponse un exemplo para orientar..

Sobre as situacións de emerxencia:

- Que vos sorprendeu máis da situación dos outros países?
- Que medios dixitais axudaron a cada país para que a educación continúe?
- Que pasa en lugares onde non hai Internet, electricidade ou dispositivos suficientes?
- Que vos parece máis xusto: que exista acceso global ao dixital ou que existan alternativas sen tecnoloxía?
- O acceso á educación dixital xera máis fendas ou xera maiores oportunidades?

Sobre o que podemos facer:

- Por que é fundamental garantir a aprendizaxe en todo o mundo, aínda que haxa momentos difíciles ou emerxencias?
- Que accións pequenas podemos levar a cabo aquí para apoiar o dereito á educación (no centro educativo, na casa, no barrio)?
- Se foses representante real da túa rede, que mensaxe lle enviarías á ONU ou aos gobernos?

É importante guiar a conversa para que o alumnado comprenda que, aínda que as emerxencias sexan distintas (guerras, pandemias, catástrofes naturais), o dereito á educación é global e este dereito só se protexe se hai cooperación, solidariedade, vontade política e financiamento.

CONCLUSIÓN

Unha vez que realicemos as dinámicas propostas e reflexionemos, só nos queda unha última parte: **darlle visibilidade ao que achega a educación dixital en contextos de emerxencia (wifi) e o noso compromiso co dereito á educación.**



É clave completar correctamente a unidade didáctica, para que a experiencia compartida contribúa de forma efectiva á consecución dos obxectivos propostos. Así, remataremos a actividade co noso reflexo final da mesma a través do noso elemento wifi (anexo 2). Haberá un por aula e a reflexión realizarase conxuntamente. Non obstante, se se desexa, tamén é posible levar a cabo unha reflexión individual.

O facilitador pode preguntar que accións se poden levar a cabo para que a educación non pare e que poidamos manter a conexión en caso de emerxencias.

Unha vez rematada a actividade, o resultado colocarase no punto visual, que é un mapa do mundo que simboliza que formamos parte dunha rede compartida.

Lembrámosche que, se os recursos non se axustan aos da túa etapa educativa ou che interesan outros, podes traballalos sen ningún problema, xa que son materiais moi versátiles e fáciles de adaptar.

ANEXO 1

Ficha da información necesaria de cada rexión

ANCEFA (África)

UGANDA: Loita por volver ás aulas

Uganda: recuperar o camiño á escola tras unha das maiores interrupcións educativas do mundo

A emerxencia

Uganda sufriu o peche escolar pola pandemia máis longo do mundo, deixando a preto de 15 millóns de estudantes fóra das aulas durante case dous anos. Isto causou unha perda de aprendizaxe masiva, especialmente nas nenas. O desafío consiste en reenganchar a quen quedou atrás e facilitar que recuperen o ritmo.

Reto para a solución dixital

Como podemos usar a tecnoloxía de baixo custo (como a radio e os SMS) para ofrecer clases de recuperación e apoio a quen quedou atrás, especialmente nas zonas sen Internet estable?

ENACE (Europa e América do norte)

UCRANIA: Guerra e destrución

Ucraína: A UNESCO mobiliza apoios para darlle continuidade á aprendizaxe

A emerxencia

Desde 2022, a guerra causou unha destrución enorme: máis de 3.790 centros educativos foron danados ou destruídos. A educación é intermitente e depende da localización dos ataques e da capacidade de dar clases en búnkeres ou refuxios. Millóns de nenas e nenos viron o seu futuro interrompido polo constante risco.

Reto para a solución dixital

Como garantir clases en tempo real ou gravadas de forma segura e fiable, protexendo os datos persoais e ofrecendo apoio psicolóxico a distancia nun ambiente de guerra?

CLADE (América Latina e o Caribe)

MÉXICO (GUERREIRO): Desastre natural (furacán Otis)

Furacán Otis: o seu impacto en nenas, nenos e adolescentes en Guerrero

A emerxencia

En outubro de 2023, o furacán Otis (categoría 5) devastou a costa de Guerrero, México. O desastre natural non só destruíu casas, senón tamén gran parte da infraestrutura escolar, deixando a nenas e nenos sen un lugar seguro para estudaren. A exposición ao evento traumático xerou unha necesidade urxente de apoio á saúde mental.

Reto para a solución dixital

Como restaurar rapidamente o acceso a ferramentas dixitais, ordenadores e unha contorna segura para a aprendizaxe e o apoio emocional, mentres as escolas están en ruínas e as infraestruturas de comunicación caeron? Como facer para que estas plataformas dixitais sexan públicas e gratuítas?

ASPBAE (Asia y Pacífico)

AFGANISTÁN: Prohibición da educación

En Afganistán hai 2,2 millóns de nenas sen educación secundaria

A emerxencia

Afganistán é o único país do mundo que prohibe o acceso á educación secundaria e superior para as nenas (maiores de 12 anos). Esta é unha negación deliberada do dereito á educación para 2,2 millóns de nenas. A crise non é de edificios, senón dunha lei que lles impide ás mulleres e nenas accederen ao seu futuro.

Reto para a solución dixital

Como deseñar un sistema de aprendizaxe que se poida usar con seguridade dentro dos fogares, permitindo que as nenas sigan estudando sen seren detectadas polas autoridades?

ACEA (Oriente-Medio)

PALESTINA (GAZA): A infancia sen futuro

Gaza sen escolas, a infancia sen futuro. Máis do 90 % dos edificios escolares están danados ou destruídos.

A emerxencia

Gaza sin escuelas, la infancia sin futuro. La emergencia de 2024 ha provocado que más del 90 % de los edificios escolares estén dañados o destruidos. La educación presencial es imposible. Cientos de miles de estudiantes están en situación de desplazamiento, viviendo en refugios con acceso limitado o nulo a internet, electricidad y materiales didácticos. La prioridad es la continuidad educativa mínima y el apoyo psicosocial.

Reto para a solución dixital

Dada a destrución total da infraestrutura, como podemos implantar rapidamente unha "biblioteca" dixital con material educativo e de apoio mental e emocional en calquera refuxio ou tenda de campaña, que funcione sen depender de Internet ou electricidade na rede?

ANEXO 2


Pósteres das cinco rexións

Nas seguintes páxinas atoparás un póster para cada rexión.

Emergencia

CIERRE ESCOLAR por PANDEMIA

ANCEFA
África




Soluciones digitales posibles

Campaña Mundial por la EDUCACIÓN
Coalición española
www.cme-espana.org

Emergencia

EDUCACIÓN INTERMITENTE por CONFLICTO BÉLICO

ENACE
Europa y América del Norte



Soluciones digitales posibles

Campaña Mundial por la EDUCACIÓN
Coalición española
www.cme-espana.org

Emergencia
CIERRE ESCOLAR por DESASTRE NATURAL

CLADE
América Latina y el Caribe



Guerrero
MÉXICO



Soluciones digitales posibles

Campaña Mundial por la EDUCACIÓN
Coalición española
www.cme-espana.org

Emergencia

PROHIBICIÓN AL ACCESO a la EDUCACIÓN A NIÑAS

ASPBAE
Asia-Pacífico



Soluciones digitales posibles

Campaña Mundial por la EDUCACIÓN
Coalición española
www.cme-espana.org

Emergencia

DESTRUCCIÓN TOTAL de la INFRAESTRUCTURA por CONFLICTO BÉLICO

ACEA

Oriente Medio



Soluciones digitales posibles

Campaña Mundial por la EDUCACIÓN
Coalición española
www.cme-espana.org

ANEXO 3

Símbolo `wifi` para a reflexión

ANEXO 4

AUTORIZACIÓN

LEMBRADE QUE para poder publicar e compartir as imaxes, vídeos ou outros materiais nos que aparece o alumnado do voso centro educativo é imprescindible contar cos permisos adecuados das súas nais/pais/titores ou representantes legais conforme coñecen que as imaxes serán difundidas pola Campaña Mundial pola Educación a través das súas redes sociais e a través das canles das entidades asociadas á campaña.

Para poder difundir e alzar as vosas voces desde as contas en redes sociais da Campaña Mundial pola Educación (Facebook, Instagram, Twitter, Flickair, a páxina web ou os medios de comunicación) dedicadas á difusión da SAME e á loita polo cumprimento do ODS 4, como meta principal, animámosvos a:

Compartir os materiais e fotos na web e/ou RRSS dos vosos centros e espazos educativos, etiquetando a CME España (debaixo a listaxe das contas da CME). Así desde a CME España poderemos darlle maior difusión e chegar a máis cidadanía.

Tamén podedes compartilos con CME España enviando o material a comunicacion@cme-espana.org. No correo electrónico pedímosvos que incluades a información básica:

• O nome de centro/espazo educativo.

• Quen participou (grao/grupo/clase).

• Data e lugar (localidade, municipio, comunidade autónoma).

Importante. No correo por favor, incluíde o seguinte parágrafo:

"[ENTIDADE], como participante das actividades realizadas no marco da Campaña Mundial pola Educación autoriza o tratamento das imaxes que se comparten a través deste correo e cede os dereitos de explotación destas ás entidades que integran a Campaña Mundial pola Educación (CME). A finalidade do tratamento é dar a coñecer ou promover a CME, así como facer difusión da imaxe, a voz e os materiais dos participantes a través de calquera dos medios ou canles de comunicación das entidades que integran a CME. Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición ou outros por correo electrónico a dataprotection@educo.org e consultar a política de privacidade en https://cme-espana.org/politica-de-privacidad/. A [ENTIDADE] garante que conta cos permisos pertinentes das nais/pais/titores/representantes legais das nenas, nenos e adolescentes obxecto do tratamento de datos persoais e imaxes para a súa cesión ás entidades membro da CME".

Lin e acepto. Sinatura e selo: .....



Campaña Mundial pola
EDUCACIÓN
www.cme-espana.org

Co financiamento de:

Cooperación Española

Dirección de arte, diseño gráfico e ilustraciones: Maribel Vázquez